

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CPI DE PROGRESO – CATOIRA



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

ÍNDICE	
0 -Índice	Páxina 0
1 -Onde estamos, a quen nos diriximos e quen somos.	Páxina 1
2 -Características do contorno socioeconómico e da poboación.	Páxina 6
3 -Características da comunidade educativa.	Páxina 7
4 -Identidade de centro. Valores e principios prioritarios.	Páxina 9
5 -Os servizos educativos complementarios e o seu funcionamento.	Páxina 15
6 -Cómo nos organizamos.	Páxina 17
7 -Cómo xestionamos os recursos	Páxina 18
8 -Programa de xestión do centro	Páxina 20
9 -Anexos achegados a este documento	Páxina 23

1. ONDE ESTAMOS, A QUEN NOS DIRIXIMOS E QUEN SOMOS.

1.1. Datos identificativos do centro. Titularidade

- Nome: CPI Progreso.
- Enderezo: Paseo das Lombas nº2. CP. 36612.
- Localidade: Catoira. Parroquia de Oeste
- Provincia: Pontevedra
- Código do centro: 36001252
- NIF: Q8655543J

O CPI PROGRESO é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación. No municipio existe unha Escola Unitaria na parroquia de Dimo adscrita ao noso centro. Nesta Escola Unitaria impártense as ensinanzas de 2º Ciclo de Educación Infantil.

1.2. Niveis educativos que acolle e número de unidades funionando na actualidade

- Educación Infantil: 3 unidades.
- Educación Primaria: 9 unidades.
- Educación Secundaria: 7 unidades

1.3. Profesorado

Según a ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se modifican pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial publicado no DOGA nº 150 o 6 de agosto de 2021, correspóndelle ao centro o seguinte:

- Profesorado de Educación Infantil:
 - 3 mestres/as da especialidade de infantil
 - 1 mestre/a de apoio
- Profesorado de Educación Primaria:
 - 10 mestres/as da especialidade de primaria
 - 1 mestre/a da especialidade de francés

- 1 mestre/a da especialidade de Educación Física
 - 1 mestre/a da especialidade de Pedagogía Terapéutica
 - 1 mestre/a da especialidade de Audición e Linguaxe (itinerante).
 - 1 mestre/a da especialidade de Educación Musical
 - 2 mestres/as da especialidade da primeira Lingua Estranxeira (Inglés)
- Profesorado de Educación Secundaria (ESO):
Según o CUPO da plantilla do profesorado da ESO que adxudica a Consellería de Educación anualmente, correspóndente ao centro o seguinte:
 - 1 xefa/e de departamento de Orientación
 - 1 mestre/a para a especialidade de Pedagogía Terapéutica
 - 16 profesores/as

1.4. Persoal de administración e servizos

- 1 Auxiliar Administrativo
- 1 Conserxe posto polo concello
- 1 Conserxe dependente da Consellería de Educación
- Persoal de limpeza: 4 persoas a media xornada
- Persoal de cociña: 1 xefa de cociña e 3 axudantes de cociña

1.5. Instalacións

O CPI PROGRESO de Catoira está composto por catro edificios.

- **Edificio nº 1:**



Este edificio é o máis antigo. Comprende seis aulas de Educación Primaria, dúas para 1º curso de EP, unha para 2º curso de EP, unha para 3º de EP e dúas para 4º curso de EP. Ademais, está o comedor, a cociña, unha sala de mestres/as e servizos no primeiro e segundo andar.

- **Edificio nº 2:**



Este edificio comprende oito aulas de ESO, un laboratorio de ciencias, unha aula de informática (16 ordenadores), unha aula de plástica, unha aula-taller de tecnoloxía, unha aula de idiomas/segunda aula de informática (8 ordenadores), departamentos, unha sala de profesorado e servizos nos dous andares.

- **Edificio nº 3:**



Este edificio comprende cinco aulas de Educación Infantil (dúas delas con servizos incluídos), unha aula de psicomotricidade, unha aula de informática, unha sala para as/os mestras/es e servizos nos dous andares.

- **Edificio nº 4:**



Este edificio é o máis novo. Comprende seis aulas de Educación Primaria, dúas para 5º curso de EP e dúas para 6º curso de EP. Tamén conta cunha aula para Audición e Linguaxe, unha aula para PT de EP, unha aula para PT da ESO, unha aula de Educación Musical para Educación Primaria e da ESO, o Departamento de Orientación, a Biblioteca, o despacho da ANPA, Aula de Convivencia, o despacho do equipo directivo e administración, a conserxería, a cafetería, a sala de reunións, a aula para fondo de libros e recursos dixitais/audiovisuais, cuarto para a limpeza, sala do profesorado e servizos nos dous andares

As clases de Educación Física impartiranse no Pavillón Polideportivo Municipal situado a carón do recinto escolar.



A visión xeral de todo o complexo:



2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO SOCIOECONÓMICO E DA POBOACIÓN.

Achéganse coma ANEXOS os seguintes documentos:

- Estudo do mercado de traballo. concello de catoira.
- Guía turística do concello de catoira.
- Natureza e medio ambiente do concello de catoira.

3. CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

3.1. Alumnado. Características e necesidades.

No Centro arestora estudan máis de 300 alumnos e alumnas e conta con 20 unidades distribuídas entre Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. Os grupos, xeralmente apenas sobordan os 20 alumnos, o que fai que se poida potenciar a atención individualizada.

Na actualidade, as características socioculturais e económicas das familias que compoñen o groso do Centro son similares: salarios medio-baixos e unha preparación cultural tamén media.

3.2. Concello.

Os obxectivos que nos propoñemos son os seguintes:

- En canto ó ámbito de convivencia, é imprescindible a colaboración fluída entre as Xefaturas de Estudos, Departamento de Orientación e a Asistentas Social e Educadora Familiar do Concello.
- En canto ao ámbito de participación, impulsárase a súa colaboración en actividades extraescolares propostas que xurdan do centro, tanto por iniciativa do propio Centro como do Concello.
- Neste ámbito, tentarase iniciar unha colaboración coa biblioteca do concello, dentro do noso proxecto.
- Involucrar ao concello nas melloras estruturais que xurdan dentro dos proxectos nos que participamos.

A relación dos programas que desenvolvemos co concello, de maneira cooperativa, son os seguintes:

- Obradoiro de habilidades sociais para os cursos 5º a 6º de Educación Primaria.
- Programa de Prevención Específico con Adolescentes para o alumnado da ESO
- Escolas de pais/nais, titores/as legais do alumando.

3.3. ANPA.

A ANPA utiliza as nosas instalacións en horario de tarde para o desenvolvemento de actividades organizadas por eles.

O centro priorizará unha boa e estreita relación coa ANPA para acadar de mellor maneira os seus obxectivos propostos. O centro implicará á ANPA na consecución dos obxectivos propostos neste Documento e na PXA.

4. IDENTIDADE DE CENTRO. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.

O principal obxectivo será lograr que o noso Centro adquira unha identidade propia e planificar estratexias para, profundando na súa autonomía, adaptarnos con éxito ao que a sociedade nos demanda.

Esta autonomía ten que vincularse inevitablemente co Proxecto Educativo, que é o documento fundamental que establece o plan estratéxico do Centro e define os obxectivos, os procedementos e a súa avaliación, avaliación que debe garantir un proceso de mellora continua.

4.1. Obxectivos xerais

- Lograr a integración total de alumnado e profesorado nas actividades do centro, involucrandoo no coidado do material, mobiliario e do entorno.
- Fomentar a capacidade de diálogo e respecto mutuo.
- Desenrolar desde o departamento de Orientación un plano de relación entre familias, profesorado e alumnado cara a:
 - Facilitar aos pais información sobre posibles opcións e plans de estudos.
 - Detección de dificultades da aprendizaxe.
- Acadar hábitos de traballo e uns coñecementos básicos, así como potenciar o traballo en equipo.
- Fomentar condutas non sexistas e solidarias,
- Fomentar a lectura potenciando as Bibliotecas de Centro e de aula.
- Continuar o traballo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega na potenciación e uso da Lingua Galega en toda a Comunidade Educativa.
- Priorizar a atención dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais.
- Acercar o centro á realidade inmediata como medio para motivar ao alumnado, e fomentar a valoración do propio, así coma conseguir unha mellor colaboración centro-entorno, sociedade-escola.

4.2. Actividades para conseguir os obxectivos propostos

- Realizar actividades de aula, ciclo, ou Centro, orientadas a desenvolver as capacidades creativas, artísticas, deportivas, musicais, incluíndo os temas transversais nas distintas áreas.
- Actividades que potencien a convivencia e a mellor relación entre os membros, da Comunidade escolar: festas, saídas, conmemoracións, etc.
- Actividades encamiñadas á consecución de hábitos de traballo e que potencien o dominio das destrezas básicas.

- Realizar reunións e entrevistas cos pais.
- Colaborar coa ANPA. nas actividades por ela programadas.
- Elaborar periódicos, traballos, correspondencia e demais comunicados en galego.
- Elabora-las medidas de atención á diversidade para a súa posterior aprobación.
- Organizar visitas a determinados lugares do entorno, tales como empresas e lugares de interese cultural.
- Visitas e charlas de persoas relevantes da comarca.

4.3. Recursos para a consecución dos obxectivos

Para a consecución dos obxectivos específicos cóntase cos seguintes recursos:

- Humanos:
 - Profesorado do Centro
 - Persoal non docente
 - Coordinador do Programa de Prevención de Drogodependencia
 - Consello Escolar
 - Concello
 - ANPA.
 - Familias ou titores/as legais do alumnado.
 - Apoio alumnos/as con N.E.A.E
- Materias:
 - Biblioteca do Centro e de aula
 - Aulas específicas
 - Obradoiro
 - Material Audiovisual
 - Pavillón Municipal Polideportivo.

Tendo en conta e tomando como referencia os principios e valores da Constitución e da LOMLOE pretendemos **formar persoas** polo que propónse o desenvolvemento integral do alumnado a nivel intelectual, motor, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. “Unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais dos alumnos/as en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e profesional”.

Polo tanto, trataremos de que os nosos alumnos e alumnas sexan persoas:

- Responsables, sans, educadas, e preparadas para participar na sociedade na que viven, que sintan satisfacción de si mesmas e crean nas súas posibilidades.
- Respectuosas cos dereitos e liberdades dos demais, democráticas e participativas.
- Solidarias, capaces de rexeitar todo tipo de discriminación por razón de sexo, raza, idade, lingua, relixión, etc.
- Alegres, cordiais e afectivas, sensibles ante a guerra, os sufrimentos, a fame, a inxustiza, o deterioro do medio ambiente, etc.
- Críticas co mundo no que viven e comprometidas na súa mellora.
- Capaces de pensar por si mesmas e de buscar solucións creativas aos problemas individuais e colectivos que se lles presenten na súa interacción social diaria.
- Orgullosas da súa formación e cultura e comprometidas na promoción e defensa dos valores culturais.
- Perseverantes nos obxectivos que se marquen ao longo da súa vida.

En función de todo isto, o noso esforzo estará orientado a **potenciar os seguintes valores:**

- A **RESPONSABILIDADE**, entendida como a capacidade de comprometerse libremente na realización de condutas ou actividades que cada quen se impón ou que a sociedade espera de nós, como pode ser a organización do traballo persoal ,a realización de tarefas, o compromiso coas normas, etc.
- O **ESFORZO** e a esixencia persoal, como garantía de progreso e superación nun clima escolar ordenado, afectuoso pero esixente, onde o resultado dos procesos de avaliación sexan reflexo do traballo e adicación dos alumnos e alumnas na súa aprendizaxe e das expectativas positivas, adicación e traballo no ensino pola parte dos docentes.
- A **AUTOESTIMA** ou valoración e aprecio de si mesmo e das propias posibilidades, e como punto de partida para a estima e respecto cara os demais e cara o entorno.
- A **SOLIDARIEDADE** ou capacidade de compartir intereses e necesidades, e de fomenta-la xustiza entre todos os humanos.
- A **IGUALDADE e CONVIVENCIA**, promovendo a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

- **O AUTOAPRENDIZAXE**, promovendo que o alumnado adquira uns hábitos intelectuais, uns hábitos de traballo e de búsqueda de información que lle permitan acadar por se mesmo o aprendizaxe e o integre ao longo da súa vida

4.4. Traballar na procura dos seguintes obxectivos de ámbito pedagógico.

- Conseguir o dominio das habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura, cálculo e expresión.
- Desenvolver as competencias básicas en comunicación lingüística, no coñecemento e interacción co mundo físico, competencia matemática, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, cultural e artística, aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.
- Respetar a pluralidade entre todos, adaptando a actividade académica á diversidade do alumnado para que, dentro das súas posibilidades e capacidades, se lles proporcionen os medios para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e os que a continuación, fóra do centro, se propoñan e integrarse na sociedade.
- Favorecer o traballo persoal/en equipo do alumno/a, potenciando capacidades de observación e análise e reflexión crítica.
- Desenvolver pautas de conduta baseadas no respecto ás persoas e ás cousas e no valor do diálogo para a resolución de conflitos.
- Crear hábitos de estudo e de traballo, educar en habilidades para o desenvolvemento intelectual e instruír na planificación do tempo libre e do ocio.
- Formar lectores e lectoras competentes e crear e consolidar o hábito de lectura.
- Acadar unha competencia dixital, é dicir, dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento
- Utilizar as TICs como elemento esencial para informarse, aprender, comunicarse e discriminar a información.
- Potenciar o ensino plurilingüe, ata lograr a súa utilización na vida cotiá dos alumnos e alumnas en todo tipo de situacións.
- Desenvolver as capacidades de observación, experimentación, análise, síntese e extrapolación.
- Potenciar a aprendizaxe compartida que fomenta as relacións cordiais e a cooperación fronte á competencia.
- Fomentar unha actitude de respecto e de compromiso co medio ambiente e coa sociedade, participando activamente na súa conservación e mellora.

- Priorizar o coñecemento da realidade do medio no que vive o alumno.
- Potenciar a comunicación e a convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
- Instruír ao alumnado nun talante reflexivo, baseado na tolerancia e na busca dos valores de liberdade e solidariedade, sempre dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Potenciar e favorecer a educación ambiental, a educación para a saúde e a educación para a paz e a convivencia.
- Implicar a escola nos problemas ambientais da zona e do planeta.
- Proporcionar apoio e orientación ao alumnado en aspectos persoais, académicos e profesionais.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.

4.5. Traballar na procura dos seguintes obxectivos de ámbito institucional.

- Potenciar a colaboración e o intercambio de información entre pais/nais e os profesores/as, co fin de fomentar unhas relacións cordiais que redunden nunha mellor educación do alumnado.
- Establecer canles de diálogo, colaboración e coordinación dentro do noso colexio e con outros centros ou organismos de carácter oficial, social ou educativo.
- Conseguir a colaboración das entidades públicas para converter o centro en produtor das distintas manifestacións culturais, deportivas, artísticas, etc.
- Fomentar a coordinación entre os distintos niveis da administración educativa e con outras institucións directamente implicadas en temas de convivencia, desde unha perspectiva de prevención e intervención interdisciplinar.

4.6. Traballar na procura dos seguintes obxectivos de Dinamización da Lingua Galega.

- Garantir e velar polos dereitos lingüísticos do alumnado, profesorado, pais/nais e persoal non docente.
- Velar polo cumprimento da lexislación oficial no relativo ás materias de obrigada impartición en galego e fomentar o uso do noso idioma dentro da comunidade docente.
- Implicar aos alumnos e alumnas no proceso de normalización lingüística a través da realidade máis próxima.

- Favorecer a adquisición de actitudes positivas cara a lingua, establecendo vínculos entre a escola e a sociedade.
- Provocar cambios nos hábitos lingüísticos dándolle prioridade ao desenvolvemento da expresión oral.
- Conectar a lingua coa solidariedade, a ecoloxía, a igualdade de sexos, a educación para a paz.
- Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais e comerciais.
- Organizar actividades que contribúan á difundir a cultura galega: charlas, concursos artísticos e literarios, proxeccións cinematográficos, actuacións, etc.
- Fomentar a participación do alumnado en todo tipo de actividades destinadas á potenciación do galego.
- Colaborar nas actividades propostas para o magosto, nadal, entroido, maios, etc.
- Programar actividades especiais para a semana das Letras Galegas.

4.7. Traballar na procura dos seguintes obxectivos de Dinamización de actividades que redunden na calidade do ensino.

- Desenvolver actividades de dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación.
- Traballar polo desenvolvemento do plan de convivencia do centro.
- Dinamizar o funcionamento da biblioteca e desenvolver o proxecto lector.
- Elaborar e desenvolver os Proxectos sociolingüístico e lingüístico de centro dinamizando a normalización lingüística.
- Desenvolver actuacións beneficiosas para o medio ambiente implicando a toda a comunidade educativa, centrándonos na reciclaxe.
- Dinamización de apoio a xestión económica do centro.
- Implicar ao profesorado no deseño, planificación e participación de actividades complementarias e extraescolares.

5. OS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS E O SEU FUNCIONAMENTO.

5.1. Comedor escolar.

- Achégase como ANEXO o **Plan de Comedores do Centro** no que se desenvolve o funcionamento xeral e específico do servizo de comedor
- Na PXA de cada curso escolar achegarase o **Programa anual de comedores** no que aparece reflectida a organización do Comedor para o curso escolar (Quendas, colaboradores, normas, actividades, saídas, horarios..)
- Para calquera análise, toma de decisión e actuación tomaremos coma referencia á **lexislación vixente** e as Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar que anualmente se renovan.

5.2. Transposte escolar.

- Para calquera análise, toma de decisión e actuación tomaremos coma referencia a **lexislación vixente** e as Instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar que anualmente se renovan.
- A maior parte do alumnado utiliza transporte escolar. Coa finalidade de lograr un mellor funcionamento deste servizo, **organizarase do seguinte xeito:**
 - O servizo de transporte escolar está organizado en sete autobuses.
 - Cada un dos autobuses corresponderase cunha **ruta e un número e color** co obxecto de facilitar a súa identificación.
 - O alumnado transportado terá un **carné** co color e número correspondentes a súa ruta de autobús. Este carné de autobús deberá levalo sempre colgado da mochila.
 - O alumnado transportado **entrará ao recinto escolar** pola porta situada enfronte ao pavillón, unha vez que baixe do seu autobús. Nos distintos patios haberá profesorado de garda.
 - Cando toque o timbre ao **remate do recreo do comedor**, o alumnado dirixirase ao patio cuberto do edificio do comedor e colocarase na columna da súa correspondente liña de autobús. Alí esperará ao autobús.
 - O **persoal colaborador** do comedor será quen controle, avise e vixie a saída do alumnado cara ao autobús.
 - O **alumnado de Educación Infantil** que utilizan transporte escolar, terá un autobús específico para eles. Sairá dende o mesmo lado que os outros pero algún tempo máis cedo.

- Nos autobuses –transporte escolar, actividades extraescolares e complementarias- o alumnado ten que ir sentado e co cinturón posto. No caso que aparecese algún obxecto estraño, deberán advertirillo ao condutor ou á/ó acompañante sen tocalo nin manipulalo.
- - Durante o traxecto o alumnado acatará as indicacións do/a acompañante. E obrigación dos/as alumnos/as amosar en todo momento un **comportamento correcto e respectuoso** co persoal do servizo do transporte escolar.
- Fóra do recinto escolar, diante do pavillón existe unha ampla **zona sinalizada e reservada para o transporte escolar**. O estacionamento de coches farase respectando as normas e organización establecidas para o funcionamento do transporte escolar, non dificultando en ningún caso esta zona de aparcamento para os autobuses.
- Garantirase a **seguridade dos/as escolares** extremando as medidas, polo que se prohibirá o movemento de automóbiles mentres non estea rematada a saída dos/as escolares.
- Se os/as alumnos/as tivesen calquera tipo de **problema relacionado co transporte** (percorrido, horario, persoal,...) debe ser comunicado á Dirección para que procure canto antes unha solución ao problema.

6. CÓMO NOS ORGANIZAMOS.

A organización do centro ven conformada e establecida por unha serie de proxectos e programas que axudan a axilizar, a mellorar e darlle lóxica, sentido e legalidade ás tomas de decisión que se toman no centro. Ditos documentos, que formarán parte do PEC, xa que están relacionados co ideario do centro, relaciónanse a continuación:

- Plan de convivencia.
- NOFC
- Proxecto lingüístico de centro.
- Proxecto lector de centro.
- Plan de integración da TIC.
- Plan de acción tutorial e liñas xerais de atención á diversidade.
- Proxecto de actividades extraescolares.
- Proxecto de organización da excursión de final de etapa da ESO.
- Plan de igualdade
- Plan de Orientación.
- Plan de comunicación do centro.
- Plan dixital do centro.

7. CÓMO XESTIONAMOS OS RECURSOS

7.1. Organización dos recursos humanos

O **horario lectivo do profesorado de Educación Infantil**, completárase da seguinte maneira:

- Gardas de clase.
- Dinamizacións.
- Apoios dentro da aula. Preferentemente nos grupos máis numerosos.

O **horario lectivo do profesorado de Educación Primaria** completárase da seguinte maneira:

- Gardas de clase.
- Dinamizacións
- Apoios dentro da aula. Preferentemente nos cursos 1º e 2º de EP.
- Materias troncais, en casos necesarios e excepcionais.

O **horario lectivo do profesorado de Educación Secundaria** completárase da seguinte maneira:

- Titorías
- Gardas de clase.
- Gardas de recreo/Transporte. Cada unha destas gardas conta 1/3 de sesión.
- Dinamizacións.

A elaboración do **horario para o profesorado da ESO** terá os seguintes principios:

- O profesorado sinalará dous M (ocós libres de 1ª preferencia)
- O profesorado poderá marcar ata dúas N (ocós libres de 2ª preferencia)
- Ditas peticións (M e N) serán respectadas na medida do posible, sen asegurar o seu cumprimento. A súa concesión estará condicionada por distintas necesidades organizativas do centro: uso compartido de aulas específicas, desdobres de grupos, desdobres de seccións bilingües e cruces entre materias optativas nos distintos cursos, principalmente en 4º da ESO. (Achégase modelo de peticións)
- Cando se concentren demasiadas peticións na mesma hora ou franxa horaria, teranse en conta os profesores/as aos que se lles concederon as mesmas peticións en cursos anteriores, principalmente nas sextas horas das mañás.

Neste caso, daráselle prioridade a outros profesores/as que non disfrutaron de ditas concesións.

- No caso de non haber voluntarios/as para cubrir as horas do luns pola tarde, farase unha rotación entre os distintos profesores/as que non teñan asignada outra tarde de traballo no centro.

O profesorado de PT e AL abarcará o menor número de gardas posibles, xa que o seu horario terá que ser cuberto coa maior número de horas da súa especialidade.

8. PROGRAMA DE XESTIÓN DO CENTRO.

8.1. Achegas económicas

Para as actividades extraescolares/complementarias as achegas económicas xestiónanse da seguinte maneira:

- Os/As titores/as recadarán todo o diñeiro do seu alumnado e unha vez xuntado todo, entregarallo ao equipo directivo.
- O equipo directivo ingresará o diñeiro de cada aula o grupo de alumnos/as na conta de actividades docentes.

As achegas económicas dos responsables do alumnado para material escolar (fotocopias e material) xestiónanse da seguinte maneira:

- Os/As titores/as recadarán todo o diñeiro do seu alumnado e unha vez xuntado todo, entregarallo ao equipo directivo.
- O equipo directivo ingresará o diñeiro de cada aula o grupo de alumnos/as na conta de actividades docente.

8.2. Presupostos do centro

O centro, cando teña que tomar unha decisión sobre a elección dun presuposto entre varios, tomará como criterios os seguintes:

- Que o provedor sexa da mesma localidade do centro educativo ou da comarca.
- Que o provedor traballara co centro en obras ou pedidos anteriores.

8.3. Utilización das instalacións

Ao longo do curso as instalacións do centro son utilizadas polo Concello, pola ANPA e pola Escola de Música para o desenvolvemento de actividades organizadas por eles. Este uso, require unha solicitude por parte do interesado e unha autorización nosa e da Xefatura Territorial de educación. A maiores teñen que asinar un compromiso de boas prácticas. A solicitude para a utilización das instalacións achégase coma ANEXO.

8.4. Taquillas do alumnado da ESO

Para a entrega e recollida das chaves da taquilla envíanse ás familias ou titores legais dunha carta coa explicación da organización para que acepten as condicións e a entrega do diñeiro da taquilla. Estas condicións son as seguintes:

- Fotografíaranse as taquillas ao comezo do curso para que quede constancia do estado de cada unha delas. Ao rematar o curso escolar serán comprobadas de novo.
- Aboar 5 € ao titor/a en concepto de aluguer.
- Non perder nin deteriorar a chave de entrega.
- Manter en bo estado a taquilla (non pintala, escribirla, forzala, pegar pegatinas, ,)
- Se ao finalizar o curso escolar a taquilla está en correcto estado, aboaráse ao alumno/a o importe entregado, sempre que faga entrega da chave, agás nos seguintes casos:
 - Se unha taquilla sofre desperfectos por parte dun alumno/a identificado, este perderá o dereito ao uso da mesma así como á perda do abono. En función da importancia da falta, o centro adoptará as medidas que estime oportunas.
 - Se unha taquilla sofre desperfectos por parte dun alumno/a sen identificar, toda a clase, perderá o dereito á devolución do abono. En función da importancia da falta, o centro adoptará as medidas que estime oportunas.

Avisar aos/ás titores/os de cada un dos cursos para a súa colaboración á hora de facer entrega das chaves das taquillas cos seguintes pasos:

- Anotar o número de taquilla que asignades a cada alumno/a.
- Entregar ao alumno unha das chaves e meter no sobre a outra copia coa arandela.
- Meter nun sobre as dúas copias da taquilla, no caso que esta non sexa utilizada.
- Usar unha taquilla para uso común da aula (a 1 por exemplo). Nese caso, será o delegado de aula o encargado de custodiar dita chave.
- Avisar a dirección no caso que non haxa suficientes taquillas para todo o alumnado.
- Insistir e lembrarlle ao alumnado en que procuren non esquecer a chave. Recomendarlle que a teñan no estoxo ou na mochila sempre. Non podemos estar un día tras outro entregando as copias.
- Insistir ao alumnado no coidado das taquillas e no respecto ás normas do seu uso.
- Pegar no taboleiro de aula as condicións do funcionamento das taquillas.
- Unha vez rematado o reparto, traer á dirección o sobre coas chaves sobrantes, o diñeiro recadado, as autorizacións e o listado do alumnado.

8.5. Taquillas do profesorado

O profesorado que queira facer uso dunha taquilla da sa de profesores deberá entregar 5€ en concepto de fianza. Unha vez que devolva as chaves, devolveráselle dita cuantía económica.

8.6. Uso da fotocopiadora

O control das fotocopias do centro faise da seguinte maneira:

- Cada un/unha dos docentes terá un código para poder imprimir.
- Cada docente terá un máximo de fotocopias en color e branco e negro para cada trimestre.
- Este máximo será comunicado ao inicio de cada curso.
- En caso de superar ese límite, cobrarase 5 céntimos de euro por cada copia. A cuantía será cargada ao presuposto do curso educativo, etapa educativa ou departamento asignado á persoa responsable de dito exceso.

8.7. Recollida e entrega dos libros de texto

A recollida dos libros de texto que forman parte do banco de libros, faise da seguinte maneira:

- En Educación Primaria recóllense na última semana do curso escolar.
- Na ESO, aos que aprobaron todo, recóllense o día da entrega das notas.
- Na ESO, en setembro, recóllense o día da entrega das notas.
- A entrega dos libros de texto que forman parte do banco de libros, faise da seguinte maneira:
- En Educación Primaria, o primeiro día de clase.
- Na ESO ao longo do mes de setembro. Dependerá das circunstancias normais do funcionamento.

8.8. Distribución dos libros de texto en EP entre as editoriais.

As editoriais dos libros de texto na Educación Primaria serán as seguintes:

- Santillana: Matemáticas.
- SM: Lingua castelá.
- Anaya: Lingua galega.
- Vicens vives: Ciencias naturais (*) e Ciencias sociais

(*) A materia de ciencias naturais non terá libro debido á metodoloxía por proxectos.

A utilización do libro non será obrigatoria. Dependerá da persoa titora de cada aula.

8.9. Partida económica para as aulas

- Todas as aulas e Departamentos terán unha asignación económica para cada curso escolar.
- Cando se merque mobiliario grande ou pequeno para un aula, deberá quedar na mesma aula para os vindeiros cursos.
- Cando se merquen recursos educativos para que un docente utilice nas súas clases poderá levalo consigo a outras aulas co obxecto de poder usalo.

9. ANEXOS ACHEGADOS A ESTE DOCUMENTO

- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- PROXECTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.
- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO (NOFC).
- PLAN DE EVACUACIÓN.
- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- PLAN LECTOR
- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.
- PLAN DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR
- ESTUDO DO MERCADO DE TRABALLO. CONCELLO DE CATOIRA.
- GUÍA TURÍSTICA DO CONCELLO DE CATOIRA.
- NATUREZA E MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE CATOIRA.
- PLAN COMUNICACIÓN DE CENTRO

O presente documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 9 de setembro de 2019

A primeira modificación deste documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 30 de xuño de 2021

A segunda modificación deste documento, foi aprobada polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 2 de setembro de 2022

A terceira modificación deste documento, foi aprobada polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 2 de setembro de 2023

Catoira, a 7 de setembro de 2023

Asdo.) Fernando San Martín Zamácola
Director

Olalla Otero Payno
Secretaria